# Electo Carballo Matos: traxectoria dun alcalde republicano de Culleredo

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ*

Sumario

Neste artigo recóllese unha semblanza biográfica e unha análise da traxectoria política de Electo Carballo Matos (1892-1949), un dos alcaldes de Culleredo (A Coruña) na II República (febreiro de 1932-marzo de 1936).

Abstract

This article contains a biographical sketch and an analysis of the trajectory of policy Electo Carballo Matos (1892-1949), one of the mayors of Culleredo (A Coruña) in the Second Republic (February 1932- March 1936).

## DATOS XENEALÓXICOS

Eleuterio[1] Carballo Matos nace ás catro da mañá do día 5 de agosto de 1892 no Portádego (Rutis). O seu pai, Manuel Carballo Siabo, era natural de San Pedro de Outes (concello de Outes, partido xudicial de Muros); a nai, Raimunda Matos Mejuto, era natural de Rutis; ambos, labregos. Os seus avós paternos eran Bonifacio Carballo e Juana Siabo, naturais de Outes, labregos; os dous veciños de Rutis (aínda que el xa falecera). Por liña materna era neto de Ramón Matos e Andrea Mejuto, natural el de Lubre (Bergondo) e ela de Agra, no distrito de Melide, tamén veciños de Rutis (aínda que ela xa morrera).[2]

De onde ven a diferencia Eleuterio-Electo? A persoa que o inscribe no Rexistro Civil de Culleredo manifesta que se chamaba «Eleuto» (un apócope de Eleuterio) e así o anotan.[3]

Esta parella tivo outros fillos:

Manuel (nacido o 17-7-1884, casaría con Amparo Blanco e falecerá no Portádego o 28-12-1957, aos 73 anos)[4], Elías (nacido o 18-7-1885)[5], Ramón (nacido o 24-11-1886)[6], José (nacido o 22-1-1888, e que morre un ano despois)[7], outro Ramón, (nacido o 28-6-1890,[8] ao que lle puxeron o nome do que morrera); e Julia, nacida probablemente en 1895, e que falece no Portádego o 19-1-1938, sen recibir os sacramentos, solteira de 42 anos.[9]

Electo Carballo casará o 25 de novembro de 1911 en Vilaboa, figurando coa profesión de «industrial», con Josefa Naya Seijas.[10]

O matrimonio de Eleuterio e Josefa terá os seguintes fillos: Manuel (naceu o 1-11-1912 e casaría na Coruña en 1939),[11] Raimundo (nacido o 14-12-1913),[12] María (nacida o 30-1-1915),[13] Francisco Javier (nacido o 10-6-1919),[14] José (nacido o 13-3-1921),[15] Luis (nacido o 22-9-1923, e que morre ao mes de nacer),[16] Arturo (nacido o 16-10-1924, e que casaría en San Pedro de Nós),[17] as xemelgas Amparo e Alicia (nacidas o 26-3-1926),[18] e Isabel.[19]

Raimundo sería vicebibliotecario do «Ateneo de la Villa de Rutis» en 1932.[20]

---

* **Carlos Pereira Martínez, funcionario do Concello de Culleredo, é historiador.**

DATOS BIOGRÁFICOS

A súa filla Alicia comentounos que estudou o Bacharelato na Coruña. Pouco despois, sendo aínda noviño, marchou a Arxentina, a pesar de que os seus pais tiñan unha posición económica desafogada. O pai era fabricante de calzado e ademais rexentaba unha reloxería.[21] Naquela época o Portádego tiña puxanza, vivindo principalmente da industria e o comercio.

Despois de residir algún tempo en Bos Aires, cun irmán seu farmacéutico, regresou a Galicia. Xa debía estar en 1910 porque o 10-11-1910, no Portádego, constitúese aentidade cultural pioneira de Culleredo, a «Sociedad Recreativa *La Verdad* de la Villa de Rutis», sendo o seu presidente Electo Carballo Matos.[22] Acompañábano na Xunta Directiva Rogelio López Sexto, vicepresidente; Antonio Mouriño Gómez, secretario; Ramón Canosa Naya, vicesecretario; Cándido Fernández Jaspe, tesoureiro; José Lafuente Gómez, contador; vocais: Marcial Blanco Baldomir, Manuel Veira Seijas, Benito Pan García, José Gómez Pérez e Joaquín Sánchez Ramallo.

Segundo o artigo 2º do seu Regulamento (que ten data do 2 de novembro de 1910), os fins e propósitos desta sociedade eran:

> Fomentar el amor á la instrucción entre los asociados, practicar los preceptos de la sociabilidad humana, y ofrecer á sus socios y familiares diversiones lícitas y de recreo, organizando al efecto, fiestas, espectáculos, conciertos, bailes etc; y en su día cuando los fondos de la Sociedad lo permitan, crear un Centro de educación para los hijos de los socios.

Electo Carballo sería unha persoa moi afeccionada á lectura, chegando a posuír unha grande biblioteca.

Pouco máis sabemos da súa andaina ata a chegada da II República, agás que rexentaba un taller de reloxería que sufriría algún roubo, como o acontecido en 1923.[23]

Ao mesmo roubo refírese outra noticia, aínda que neste caso se indica que a reloxería estaba no Portádego, que o roubo fora en setembro e os delincuentes non son os que sospeitaba Electo.[24] Un ano despois celebraríase o xuízo.[25]

Quizais dos momentos previos á chegada da II República debe ser unha anécdota testemuñada pola súa filla Alicia. Comenta que, un día, Electo Carballo apuntouse como orador no Casino Republicano, que tiña a súa na rúa Real da Coruña. As súas palabras foron:

> Señoras y Sres:
> Vengo desde mi humilde caverna a presentarme ante Vds. Y prosiguió: Así como Sancho Panza ha sido un fiel servidor de D. Quijote, yo seré un fiel servidor de la SEGUNDA REPÚBLICA ESPAÑOLA.

Parece que un xornal dixo sobre o particular que «sus palabras fueron pronunciadas con tal énfasis que los oyentes respondieron a ellas con las más clamorosas ovaciones».

Como era Electo Carballo? Recollemos o testemuño que nun dos seus libros de memorias achegou Emilio González López.[26] No capítulo titulado «La campaña de las elecciones municipales en las Mariñas coruñesas», menciona que en Culleredo un dos candidatos a concelleiro era un reloxeiro do Portádego, Electo Carballo, que vivira algún tempo en Bos Aires (Arxentina).

González López pensa que ao perfeccionar o seu castelán alí (cousa que desminte a citada Alicia, que salienta que o seu pai xa tiña antes de marchar a Arxentina unha boa



Fig. 1.- Electo Carballo, de mociño.

formación académica) «adquirió un gran amor por la oratoria altisonante, florida y barroca». Describe a Electo, -co que pouco despois uniríao unha boa amizade, atuándose nas cartas-, como «un personaje bajo y rechoncho, un tanto napoleónico. Su voz grave era todavía más sonora y tronitonante que la de Lugrís Freire. Gustaba de las palabras eruditas, de las cuales la que repetía con mayor asiduidad era la de «ecuménico», creyendo ver en ella el talismán de la oratoria, una especia de ábrete-sésamo de la buena expresión». Compara a continuación a oratoria de Lugrís, ao que lle gustaba moito utilizar «las palabras populares más vulgares en gallego, como las de sus referencias a la parte posterior y trasera del cacique, por estimarlas sumamente expresivas y gratas al auditorio», coa de Electo Carballo, que «encontraba en las palabras cultas, en castellano, una especie de eucaristía con el mundo de la cultura al que él trataba de elevarse con su oratoria».

Estas afirmacións de González López vense corroboradas noutras noticias que puidemos escolmar.

Nas páxinas do semanario satírico coruñés *La Draga*, xurdido como contestación á campaña que na cidade estaba organizando a Agrupación «A la Tercera República», menciónase en varias ocasións a figura de Electo Carballo.

Así, en referencia á súa estatura, aparece incluído no artigo «Dos candidaturas de altura», xunto con Enrique Aranda, Alejandro Barreiro ou Jesús Mejuto… «Esta por las mayorías».[27]

Referencia á súa oratoria e ás palabras que adoitaba repertir nas súas intervencións, encontrámola no artigo humorístico «Trozos de discursos»:

> Bien sabéis, pues no en balde soy el alcalde de Culleredo, que quien os dirige la palabra es el auténtico representante del Municipio rural. Un deber ecuménico y un deber moral me obligan a deciros que si yo fuese director general de Beneficencia, mi mayor preocupación sería la de crear mansiones para esos infortunados gitanos que vagan por los yermos y, cuan pintados pajarillos, sufren todos los rigores inclementes de la implacable atmósfera.
> ¿Es eso lógico? ¿Es ecuménico? ¿Es filosófico? ¿Es doctrinal? Luego…
> Es preciso buscar una farmacopea que, en un sentido trascendental y humano, resuelva tan agobiadores males. ¿No es verdad lo que yo digo?
> Y conste que lo que digo yo lo refrendan aquellos dos mil hombres que en un día histórico, cual aguerridas huestes, penetraron en la urbe herculina. Luego, etc.
> ELECTO CARBALLO.[28]

E tamén no artigo «ORIENTACIONES MUNICIPALES. ¿Relleno o anexión?», unha noticia humorística sobre como debía medrar a Coruña e na que se entrevistaba supostamente a dúas persoas. Unha delas, que defendía o recheo, dicía que para que a Coruña medrase, había que rechear todo o porto e así seguir. O segundo, con ideas opostas, propugnaba a orientación terreste:

> «Lo inmediato», nos ha declarado «es la anexión de los ayuntamientos de Oleiros y Culleredo. Luego, siguiendo la misma ruta, incorporaremos toda Galicia a nuestro municipio. Y entonces sí que podría implantarse la autonomía, porque Galicia y La Coruña serían la misma cosa. Además, se resolvería el enojoso problema de los consumos, con esas fronteras internas que tanto nos repugnan a los universalistas».

Continúa a información dicindo que non se tivera tempo de coñecer a opinión de «Mr. Roosevelt o de Mr. Al Capone acerca de la orientación de aproximación a Norteamérica», pero si que puideran conversar cun dos principais elementos afectados:

> …el alcalde de Culleredo, don Electo Carballo, lleno de indignación defendió enérgicamente las virtudes del ayuntamiento rural, más laico y más republicano que el de la ciudad y base de la vida política gallega. Se declaró dispuesto a todo, incluso a organizar la huelga de lecheras, para defender los derechos de su territorio contra una pretensión que no es lógica, ni filosófica ni ecuménica. Con sus diez mil hombres se siente lo bastante fuerte para desafiar a cualquier invasor y, en caso contrario, para anexionar antes de ser anexionado». [29]

Outras informacións indícannos que debía ter un carácter bastante forte e polemista. *El Pueblo Gallego* de Vigo, que se meterá con el en varias ocasións na sección humorística «Rotonda» (que logo veremos polo miúdo ao ocuparnos do papel de Electo Carballo no Estatuto de Autonomía), comenta nun dos seus números:

> POR SI ACASO
> Sabíamos de las dotes parlamentarias de nuestro imponderable amigo el alcalde de Culleredo. Pero desconocíamos la actual «forma» boxística en que el ilustre rotondizado se encuentra. «El Noroeste», de La Coruña, nos da un prudentísimo grito de alarma al relatar la agresión de que hizo objeto el usía gallego a un convecino suyo, con el que la emprendió a «upercut» limpio, improvisando un «ring» en pleno despacho de la Alcaldía.
> ¡Aviso para los navegantes; «Rotonda» se retira a sus bases! [30]

Pola súa parte *La Draga*, no artigo «Guerra civil», unha noticia sobre as xuntanzas que estaban desenvolvendo os partidos políticos na Coruña para a elaboración das candidaturas ás eleccións xerais, di:

> Mañana esperamos que la reunión del P.R.G. proporcione interesantes contiendas pugilísticas. Sería un éxito de público una eliminatoria entre don Electo Carballo y el señor Monteagudo. Le recomendamos este «match» a los organizadores». [31]

Pero a verdadeira dimensión do seu rexo carácter verémola nun importante incidente, relacionado cos preparativos para a visita a Galicia do presidente da República, Niceto Alcalá Zamora, protagonizado por Electo Carballo nun bar da Coruña, nada menos que con Santiago Casares Quiroga.

Dúas son as versións das que dispoñemos: unha, da prensa coruñesa; outra, da de Madrid. *El Ideal Gallego*, aínda que non cite o nome do alcalde, faise eco nunha pequena noticia, a unha columna, titulada «Unas bofetadas municipales»:

> Fueron muy comentadas ayer en La Coruña unas sonoras bofetadas estampadas en las mejillas de un jefecillo político, por un alcalde rural. En un céntrico café de esta capital departían un grupo de amigos de un exministro de la República, que presidía el corro, cuando se presentó un alcalde de un municipio inmediato a La Coruña que demandó explicaciones o más bien una opinión sobre el adorno que se había de realizar en su demarcación con motivo de la visita del jefe del Estado. A las preguntas del corregidor se contestó con insultos y entonces el ofendido de palabra, convirtió el café y lugar de la discusión en el ring proporcionando al otro púgil una soberbia y estridente bofetada que resonó estruendosamente en el lugar de la disputa dejándolo k. o. El alcalde requirió el chapeo, fuese y no hubo nada y el que recibió tan sonoro homenaje en las mejillas se mudó de color. Creemos que non han sido las únicas bofetadas que ayer se oyeron en La Coruña. [32]

Máis explícito aínda é un artigo sobre este asunto publicado na prensa madrileña:

> ¡HONOR A CULLEREDO!
> Hace mucho tiempo nosotros teníamos un amigo de Culleredo. Es fácil que ahora ya no lo sea. Y lo sentimos, porque lo queríamos bien; pero los tiempos se han puesto muy malos y la República se cayó, al parecer, encima de nuestra amistad.
> Ello nos hace al caso. Al escribir se va prendiendo la pluma en el recuerdo de días mejores, y al registrar aquí el nombre de don Electo, se nos alegra el alma –ya un poco cansada- con la sonrisa de saber que aquel viejo amigo conoce a este hombre magnífico.
> Y conoce también, de seguro, la anécdota.
> Don Electo Carballo es un maestro relojero; es también alcalde de Culleredo. Y fué –pero ya no lo es- amigo de Casares Quiroga.
> Un día –hace pocos- a la casa de El Portazgo donde vive don Electo llegó un aviso del gobernador civil. El gobernador civil quería ver al señor Carballo. Y el señor Carballo salió para la Coruña.
> El señor Carballo -¡huelga decirlo, Señor!- si no es amigo de Casares es porque están mandando ahora los radicales; y un poquito también los de la C.E.D.A. Por eso el señor Carballo se puso incondicionalmente a las órdenes del señor gobernador.
> Que no fueron órdenes, sino indicaciones. El señor gobernador civil de la provincia es un hombre previsor, al que no podía pasar desapercibido el peligro de que el paso de S.E. –ya se comprende que el caso ocurrió hace pocos días- provocase un entusiasmo irreflexivo en aquella gente de suyo abierta, y dada al fácil entusiasmo.
> Y como S.E. había de pasar por Culleredo, el señor gobernador quería rogar a don Electo que no se extremasen allí las demostraciones de júbilo. Bastaba que se engalanasen las casas, que el vecindario saliese á las afueras del pueblo, que los niños de las escuelas formasen en la carretera y cantasen alguna cosilla, que repicasen las campanas, algunos cohetes, música…; pero nada más.
> El señor Carballo entendió perfectamente. Y salió del Gobierno Civil madurando sus ideas. Calle Real abajo, don Electo dió con el bar América. Y en el bar América, con Casares.
> Hombre cortés, Carballo se creyó en el caso de saludar a su antiguo jefe. Pero, acaso midiendo mal la cordialidad natural entre los capitostes de la República, supuso que sus propósitos y los deseos del gobernador en orden a la recepción de S.E. habían de complacer al ex ministro.

> Pero no fué así. Casares -¡terrible sorpresa de don Electo!- pensaba de una manera totalmente distinta. De una manera –hay que decirlo- bastante arbitraria.
> Y le llamó a don Electo –y a alguien más que a don Electo- mamarracho.
> Y hubo unas palabras. Tan fuertes que Casares quiso zarandear al señor Carballo agarrándole de las solapas. Y fué entonces cuendo don Electo Carballo, alcalde de Culleredo, llevó violentamente la mano al rostro de don Santiago, estampando en él una tan sonora bofetada que los que se bañaban en Riazor volvieron –sorpresa y susto- la cabeza a tierra.
> Por todas las bofetadas que don Santiago tenía prometidas y no recibió, vale provisionalmente ésta de don Electo. El cual, cuando acabado su trabajo abandonaba el bar América, se volvió hacia la «hiena gallega», que había juzgado prudente permanecer impasible:
> -Bueno, Casares –dijo-, si non quere outra, voyme…
> Saludemos hoy al alcalde de Culleredo con la esperanza de que algún día haya de llamársele «Don Electo, el Precursor».[33]

Como podemos comprobar, nin a figura do prócer republicano coruñés, exministro nese momento e futuro presidente do Goberno, atemorizou ao noso protagonista.

Politicamente, Electo Carballo militará inicialmente na Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA), pola que será candidato nas eleccións municipais de 1931, da que agora nos ocuparemos. Cando esta se transforma no Partido Republicano Gallego (PRG), Electo Carballo militará nel. Vemos que está presente na Asemblea que o Partido Republicano Gallego (PRG) celebrou en Lugo, presentando unha emenda na que solicitaba retribución para os cargos de concelleiros; rebatida por Bibliano Fernández Osorio-Tafall, non foi aceptada. (*El Pueblo Gallego*, Vigo, 11-10-1932, páx. 7). Tamén como alcalde de Culleredo, e membro do PRG, asistirá á Asemblea de Concellos Pro-Estatuto de decembro de 1932, da que falaremos máis extensamente. Que seguía militando nesa organización un ano despois vímolo antes en dúas noticias de *La Draga* («Guerra civil» e «Una candidatura de altura»), e incluso quizais valoraría presentarse. Noutra noticia desta publicación, na que falan, en tono de humor, dun posible acto de controversia entre César Alvajar e Electo Carballo, dise que «el acto será de pago y lo que se recaude lo destinarán ambos polemistas a la propaganda de sus respectivas candidaturas en las futuras elecciones generales».[34] De feito, o mesmo semanario inclúeo nunha lista de posibles candidatos ás eleccións xerais do 19-11-1933: nela figuran tamén Añaña, Casares Quiroga, González López, Rodríguez Cadarso, Ramón Suárez Picallo, César Alvajar…E esta non era unha noticia humorística, senón seria.[35]

Nestes meses de 1933 Electo Carballo sentíase próximo a José Calviño Domínguez, director xeral de Beneficencia, que estaba facendo xestións sobre dous camiños que Electo reclamaba para o municipio. Así llo comunica nunha carta datada en Madrid o 19 de agosto de 1933.

Precisamente esta simpatía por Calviño protagonizará outra anécdota embarazosa para Electo:

> Días pasados ocurrió en el Bar América un caso que no podemos dejar de hacer público, pues tiene verdadera gracia.
> En la peña que a diario se reúne en dicho café, integrada por elementos que dirigen la política del exCasaritos, estaba también accidentalmente el señor García Labella. Llegó el popular e inconmensurable Electo Carballo, más conocido por el alcalde de Culleredo, y dirigiéndose a Insua le habló de cosas relacionadas con algún Ayuntamiento.




*Fig. 2.- Asemblea de parlamentarios da FRG na Coruña, en outubro de 1931. Sinalado coa frecha, Electo Carballo.*

> Al parecer, Insua no le hacía mucho caso, y entonces Electo, en una de sus frases célebres, exclamó:
> Desengáñese, estos no son tiempos de García Labella, son tiempos de Calviño.
> Electo no conocía a Labella, que oyó la frase, y ya pueden figurarse la dialéctica que el alcalde emplearía para justificarse ante Labella y destruir el mal efecto que su frase pudiera producirle.[36]

Diferencias co partido (e con algún dirixentes, como xa vimos), farán que abandone a disciplina do mesmo. Un informe secreto que elabora o Goberno civil da Coruña, por orde do Ministro de Gobernación, de 11-6-1935, de todos os concellos da provincia, co obxectivo de pulsar a opinión sobre as posibles alianzas do Goberno –nestes momentos estamos no denominado Bienio Negro, cun goberno formado polos radicais de Lerroux (que son os que encargan o informe) e os cedistas de Gil Robles de cara a futuras confrontacións electorais, no que se refire a Culleredo podemos salientar o seguinte:

O alcalde, Electo Carballo Matos, do que se afirma que é membro representativo do Partido Nacional Republicano, é cualificado como solvente, pero de escasa influencia. A Xunta Municipal do Censo tiña unha constitución política Nacional Republicana, e seguía as indicacións do alcalde. O Concello estaba administrado deficientemente, aínda que se cobraba o reparto veciñal, e algunha vez este utilizábase como arma política. Electo Carballo Matos, alcalde, é cualificado como Republicano independente. Nin o alcalde nin a Corporación foran nunca destituídas ou suspendidas.[37]

Outro informe de marzo de 1936 do Goberno civil da Coruña proporciónanos de novo interesante información sobre a evolución das filiacións políticas dos concelleiros de Culleredo (16) dende 1931 ata esa data: en 1931 e 1932, os 16 eran membros da Organización Republicana Gallega Autónoma (O.R.G.A.); en 1934, había dous da O.R.G.A, seis do Partido Republicano Radical, dous independentes, un indefinido e 5 vacantes. E en 1935 había cinco do Partido Radical, un independente, tres do Partido Nacional Republicano e sete vacantes.[38]

Nestes anos republicanos, antes e despois de ser alcalde de Culleredo, manterá correspondencia con destacadas figuras do republicanismo coruñés. No seu arquivo particular só se conservaron 40 cartas (outra documentación, e libros, serían destruídas coa sublevación militar): entre elas, de Alejandro Rodríguez Cadarso, deputado a Cortes (dúas cartas); Ramón María Tenreiro, deputado a Cortes (dúas cartas): Emilio González López, director xeral de Administración, director xeral de Beneficencia, deputado a Cortes (10 cartas); José Calviño Domínguez, gobernador xeral das Provincias Vascongadas e Navarra, director xeral de Beneficencia (dúas cartas); Manuel Iglesias Corral, alcalde da Coruña, deputado a Cortes, particular (nove cartas, unha delas de Electo); Leandro Pita Romero, embaixador ante a Santa Se, ministro da República (tres cartas); Emilio Nóvoa González, gobernador civil da Coruña (dúas cartas); José García Ramos y Segond, médico e deputado a Cortes (unha carta); secretario particular do Presidente da República (unha carta); Julio Wonenburger (unha carta); alcalde da Coruña, José Fandiño Arrojo (unha carta).

## ELECTO CARBALLO, CONCELLEIRO DE CULLEREDO

Temos escrito sobre o conflitivo proceso de proclamación da II República en Culleredo, polo que non nos imos deter neste asunto.[39] Salientar tan só que naquel artigo mencionábamos que, acordado nun mitin que se celebraba en Vilaboa, partira unha manifestación veciñal cara o Goberno Civil da Coruña.[40]

Retomamos agora o testemuño de Emilio González López, que antes citamos. No capítulo titulado, conta que tomara parte na campaña electoral das municipais na compaña duns amigos, entre os que estaba Álvaro Cebreiro. Deron dous mítins, un na praza do Concello de Cambre e outro na Vila de Rutis (Culleredo). En ambos os dous actos houbera unha representación da *Confederación Nacional del Trabajo* (C.N.T.) e dos socialistas.

Cando chegaron Emilio e aos seus acompañantes ao mitin, que se celebraba nun campo de fútbol, no cal os asistentes tiñan que estar de pé todo o tempo e os oradores falaban dende «un improvisado palco lleno de ramajes, que parecía más para el día de la fiesta del pueblo que para un acto político; y las palabras de los oradores parecían enredarse en la *ramalleira* del palco», este xa comezara e estaba no uso da palabra un xove avogado coruñés, «muy atildado», fillo dun antigo profesor de francés de Emilio, que describe ao orador: «Por su atuendo y su meliflua palabra más parecía que hablaba de una velada literaria, con más señoritas que caballeros, que en un mitin de la oposición que aspiraba a derrocar el régimen político existente en España».

Electo Carballo informou a González López e aos seus compañeiros dos atropelos electorais que cometía contra a súa candidatura a Xunta electoral de Culleredo, non recoñecendo aos seus interventores. Queda confuso, na testemuña memorística do que sería ilustre historiador, se foi Electo Carballo, ou foi el, o que propuxo deixar o mitin e marchar andando á Coruña para expoñer ao gobernador os abusos. Partiron de Vilaboa sobre un centenar de persoas e, segundo se ían achegando os manifestantes á cidade,

uníaselles máis xente, sendo unha multitude ao chegaren ao Goberno Civil. González López manifesta que, na porta do Goberno Civil, propuxéralle aos candidatos de Culleredo que formasen unha comisión, acompañada dos candidatos do Concello da Coruña, para entrevistarse co gobernador. Presidiu a comisión conxunta Julio Suárez Ferrín (membro dunha prestixiosa familia de industriais coruñeses, con vencellos coa parroquia de Vilaboa). [41]

Os candidatos republicanos non se conformaron co pucheirazo, emprendendo accións xudiciais, sendo un dos denunciantes Electo Carballo.

Proclamada a II República en Culleredo o 15 de abril, segue un tempo de transición. O 19 de maio constitúese oficialmente a ORGA de Culleredo.[42] O 31 de maio repetíronse as eleccións municipais e uns días despois, o 5 de xuño, tivo lugar a primeira sesión da nova Corporación municipal, -todos membros da ORGA-, presidida polo médico Manuel Lastres Abente, de Vilaboa. Nela, aparece como concelleiro Electo Carballo Matos (que obtivera 548 votos) e o seu irmán Manuel (que acadara 263 votos).

Formará parte, como vocal, da Comisión de Facenda (sesión do 11-6-1631) e da de Sanidade e Instrución pública (sesión do 18-6-1931).

Nos seguintes meses, son 17 as sesión municipais ás que non asiste, -ou non aparece a súa sinatura-.[43]

Nas que consta a súa presenza podemos destacar a súa intervención en varias:

Sesión do 6-8-1931: Séguese co expediente da enaxenación á CROS do chamado «Camino de la Casa de la Escama», no Burgo.[44] Nun pleno con numerosa concorrencia de veciños, que seguramente expresaban ruidosamente a súa oposición á cesión, vótase o asunto e, por 10 votos en contra e un en branco, non se accede á enaxenación.
Neste punto, «El Concejal Don Electo Carballo hace consignar su protesta contra la forma seguida para llevar a cabo este acuerdo, dándole a lo que ha servido de base para el mismo una forma plebiscitaria, siendo esta a su juicio ilegal». Non aparece a súa sinatura na acta.

Vólvese tratar o asunto do camiño en sesión do 27-8-1931. O camiño non era municipal, senón particular e de servidume; ademais, entraba dentro dos terreos concedidos polo Estado á CROS. Sometido de novo o asunto a votación, aprobase esa cesión por 11 votos a favor (entre eles o de Electo) e un en contra.

A finais de ano (sesión do 10-12-1931), vota en contra da dotación económica para unha nova praza de médico: a maioría da Corporación consideraba que había outras prioridades. E na sesión ordinaria do 15-2-1932 [ese día habería despois unha secreta] é designado para formar parte dunha comisión que irá a Alvedro a ver uns terreos a expropiar para a construción dun lavadoiro.

Electo Carballo manterá correspondencia nestes meses con deputados da ORGA-FRG como o noiés Alejandro Rodríguez Cadarso, ou Emilio González López, deputado da mesma formación e, nese tempo, director xeral de Administración. Dalgún caso non sabemos o tema; doutros, trataban do seu interese por persoas concretas.[45]

## A XESTIÓN DE ELECTO CARBALLO COMO ALCALDE

Por que Electo Carballo,[46] e non outro concelleiro, é elixido alcalde? Quizais era o que tiña máis ambición política, o que estaba máis relacionado cos dirixentes da ORGA, o máis preparado? Non o sabemos. O certo é que, como consta en acta do 15-2-1932, a maioría da Corporación, en sesión secreta, decide cesar como alcalde a Manuel Lastres Abente polas súas reiteradas ausencias (era médico na Coruña) e por considerar que tiña a xestión

municipal paralizada. O día 18, en pleno extraordinario, ratifícase o cese, e o de Cándido Martínez Baldomir como 1º tenente de alcalde. Electo Carballo Matos é elixido alcalde, Felipe Mínguez Serrano, 1º tenente de alcalde e Manuel Carballo Matos, 2º tenente de alcalde. Manuel Lastres tentara convocar un pleno, pero acudiran poucos concelleiros e non había *quorum*. Recorreu o acordo, argumentando que fora tomado ilegalmente. O día 20 volve celebrarse un pleno para debater o cese, coa presenza dun delegado gobernativo, Fernando Osorio Docampo. Asistiron 14 dos 16 concelleiros, e a maioría da Corporación ratifica o acordo. A este pleno asiste Lastres, que axiña volverá a faltar ás sesións da Corporación.

Iremos vendo a continuación a súa xestión á fronte da alcaldía de Culleredo, dividida en varios ámbitos. Para non ateigar o relato de notas ao pé de páxina, a data que figura en cada parágrafo correspóndese cunha sesión da Corporación municipal. E complementaremos a información con algunhas das cartas que Electo conservou no seu arquivo particular. E a dous asuntos, como a súa participación no proceso do Estatuto de Autonomía, ou a visita á casa consistorial de Culleredo do presidente da República, Niceto Alcalá-Zamora, dedicaremos dous epígrafes detallados.

**Réxime interior e actividade institucional**

30-7-1932: O alcalde enviou unha felicitación ao presidente do Consello de Ministros, felicitándoo pola defensa no Parlamento sobre a continuación do Goberno. O presidente do Consello, Manuel Azaña, contestou con outro telegrama, agradecendo os parabéns.

6-8-1932: Dáselle o nome de «Alcalde Juan Lembeye» ao camiño veciñal, no Souto (Rutis), entre as fincas de Emilio Rey e as dos herdeiros de Blas Segade.

24-9-1932: O Concello participou na «Semana Municipalista» da Coruña, presentando unha emenda a un relatorio, na cal se pedía a supresión da intervención dos Tribunais Economico-Administrativos no Repartimento Xeral de Utilidades. Unha comisión municipal asistirá ao mitin que a Federación Republicana Gallega celebraría o 2-10-1932 en Lugo, promovida por Casares Quiroga, ministro de Gobernación.

29-9-1932: A Corporación protesta ao ministro de Obras Públicas polo traslado do tenente de alcalde, Felipe Mínguez, que era vixiante das obras do ferrocarril de Coruña-Zamora, atribuíndo este traslado a manobras caciquís.

3-11-1932: Adquírese unha bandeira española para o cuartel da Garda Civil de Sigrás.

3-12-1932: En Celas de Peiro tiráranse uns panfletos con coplas ofensivas para o Réxime republicano e as autoridades. O gobernador civil investiga o caso e pide a colaboración do Concello.

29-4-1933: Cándido Martínez Baldomir é nomeado 1º tenente de alcalde titular.

19-8-1933: Nesta sesión admítese a renuncia de Pose Patiño e de García Eirís, que a presentaran en maio deste ano e decembro do pasado, respectivamente.

3-9-1933: Celébrase un pleno extraordinario para elixir o vocal titular e suplente para o Tribunal de Garantías Constitucionais. O Concello apoia como titular a Emilio Pan de Soraluce y Español, e como suplente a Sergio Andión Pérez.

5-5-1934: Mércase unha bandeira de España e outra de Galicia, esta con mastro.

17-11-1934**:** Ventura Mejuto Fariña, antigo recadador municipal, gaña o preito que mantiña contra o Concello.[47] Dimiten Manuel Lastres Abente, Manuel Puente Matalobos (que marchaba a vivir na Estrada). O Pleno pide ao Goberno civil que se cubran as 7



*Fig. 3.- Cemiterio civil de Rutis.*

vacantes de concelleiros que había. Remítese lista de ex concelleiros anteriores á Ditadura de Primo de Rivera.

19-1-1935: Dimite Nicolás Uzal Campos, pero non se lle acepta.

2-3-1935: No revisado Padrón Municipal de Habitantes figuran 8.562 de feito e 9.120 de dereito. Neste pleno coméntase que o 3 de xullo asaltaran a Casa Consistorial, levando unha máquina de escribir «Underwood», que non se puido localizar.

19-10-1935: O Concello apoia aos propietarios de Sada que non queren pertencer ás Cámaras Oficiais da Propiedade Urbana, porque non serven para nada. Acórdase enviar cartas ao Ministerio de Traballo para que derrogue todo o referente a este asunto. Como a Garda Civil quería deixar o posto de Sigrás, polo mal estado do edificio, o Concello mirará de atopar un, pero en Culleredo.

13-1-1936: Toman posesión os novos concelleiros, que substitúen aos falecidos e dimitidos. Da antiga Corporación permanecen Electo Carballo, José Prego, Ferreiro, Candamio, Isaac Rumbo, Nicolás Uzal e Manuel Carballo, entrando Antonio Rubal Trigo (Rutis), Alfredo López Ulloa (Rutis), Benito Veira Vázquez (Celas), José Sánchez Regueiro (Orro), Juan Maceiras Souto (Almeiras), Manuel Pedreira García (Ledoño) e Antonio Brandariz Rey (Rutis). Estaban tamén propostos José López Pan (Castelo) e Benito Pan García (Culleredo), pero non asisten. Nesta sesión, a Corporación, por unanimidade, dou un amplo voto de grazas ao concelleiro José Prego, «por el celo extraordinario y la rectitud con que viene desempeñando el cargo, distinguiéndose muy especialmente en la defensa y protección de las clases menesterosas».

21-3-1936: Electo Carballo preside o seu derradeiro pleno como alcalde. Este mesmo día, pola tarde, toma posesión a nova Corporación da Fronte Popular, designada polo Gobernador Civil, que elixirá como alcalde a José María Louzán Martínez, que era presidente da agrupación local de Izquierda Republicana do Burgo.

**Ensino:**

17-3-1932: Mércase material para as recén creadas escolas de Laxe-Castro,Almeiras, Veiga e Castelo.

3-9-1932**:** O Goberno aproba a creación da escola de nenas do Portádego, pasando a de Cordeda a ser de nenos.

2-3-1935: Crease a escola na Silva (Almeiras).

29-2-1936: Unha comisión verá solares por todo o concello para a construción de escolas.

Como noutras ocasións Electo Carballo recorrerá por carta, a amigos e correlixionarios, para poder avanzar na xestións deste tema. No seu arquivo conserváronse algunhas cartas referidas á temática do Ensino.[48]

**Sanidade e Beneficencia:**

31-3-1932: Mándase que o párroco de Rutis se presente na Casa Consistorial coa documentación do cemiterio, que se vai incautar.[49]

9-5-1932: Noméase un encargado para o cemiterio municipal de Rutis, recentemente incautado.

21-5-1932: Disponse que o inspector municipal de Sanidade visite os lugares de enterramento no Concello, para ver as condicións hixienico-sanitarias, agás en Castelo e Rutis. Emitirá un informe dos cemiterios que valen e, dos que non valen, indicará o lugar máis axeitado.

4-6-1932: O alcalde foi ameazado por un veciño cando visitaba o cemiterio municipal de Rutis. Vaise denunciar o feito, provocado «por propagandas caciquiles y antipatrióticas».

29-4-1933: Noméase a Juan González González practicante titular. O soldo eran 600 pta. anuais. Mándase ás sociedades do municipio que os seus asociados non saquen as peles aos animais mortos sen autorización do veterinario municipal. Mándase que este vixíe aos vendedores de carne de vacún e porcino, para que sexa apta para o consumo.

28-7-1934: Inclúense no orzamento municipal as 2.500 pta. que se lle pagaban anualmente ao farmacéutico municipal, Antón Vilar Ponte, tanto as de 1933 como as de 1934 e 1935. Dado que está vacante dende hai tempo a praza de matrona titular, págaselle ao practicante e ao médico titular o seu soldo, repartido.

8-9-1934: O alcalde asiste ás reunións da Xunta Representativa de Mancomunidades Sanitarias.

4-5-1935: Vanse analizar as augas da fonte de Peiro (xa houbera outras análises antes).

3-8-1935: O Concello protesta porque a Lei de Coordinación Sanitaria bota sobre os concellos responsabilidades e gastos enormes. Vanlle escribir aos outros concellos galegos e de España para protestar conxuntamente, e que se derrogue ou modifique a Lei.[50]

1-2-1936: Apoiase ao concello de Villamartín (Cádiz) para pedir ao ministerio de Traballo, Xustiza e Sanidade a redución da tarifa vixente para a taxación de medicamentos destinados á Beneficencia Municipal. Acórdase axilizar o ingreso dos obreiros pobres do concello na Beneficencia Municipal, porque, en moitas ocasións, teñen que ingresar urxentemente nos hospitais, e a tramitación do ingreso na Beneficencia demorábase. Farao o alcalde.

**Actividades económicas e industriais:**

24-3-1932: Créase a Xunta Local de Fomento Pecuario.

9-5-1932: Informada a Corporación que o Estado quere facer un campo de aviación e unha estación emisora na Coruña, esta congratúlase da iniciativa, e ofrecerá terreos. Mércase millo para repartir entre os labregos do concello, para sementar.

8-9-1934: O alcalde informa que dende o mes de xuño desenvolvéronse xuntanzas dos alcaldes da Coruña, Culleredo e Oleiros, de cara a estableceren unha mancomunidade con fins industriais, de explotación e urbanización da zona da Pasaxe, Burgo e San Pedro, nas marxes da ría; comunica que agarda que en breve prazo poida darse estado oficial ao importante proxecto.

2-3-1935: O Concello dase por informado de que se autorizou pola superioridade a instalación dun matadoiro industrial de fabricación e exportación de embutidos no Burgo, promovido por Pedro Vegazo Rodríguez.

1-2-1936: Vaise solicitar colaboración a outros concellos para pedir que o Estado ceda aos municipios todos os montes de utilidade pública.

**A fábrica Cros:**

13-10-1932: Unha comisión da Corporación visitará ao xerente de CROS do Burgo, Antonio Llobet Bisa, para concretar os arbitrios que ten que pagar esta industria, ao Concello, en 1932 e 1933.

28-1-1933**:** CROS doa ao Concello 2.000 pta para reforzar os ingresos deste, e como agradecemento da súa colaboración en todo o que precisa. A Corporación agradece o xesto, e especialmente ao xerente, Llobet. Publicará na prensa unha nota de agradecemento.

8-9-1934: CROS paga de arbitrios municipais, do exercicio de 1933 (balance de 1932) 3.264 pta.

19-1-1935: CROS pagará en 1934 (balance de 1933), 3.253 pta. de arbitrios municipais.

2-3-1935: Autorízase a CROS a facer uns recheos na marisma, que pedira á Comisaría de Estado na Compañía dos Camiños de Ferro do Norte de España.

4-5-1935: Autorízase á CROS a construír un edificio destinado a fabricación de sulfato de cobre.

19-10-1935: CROS paga de impostos 5.891 pta.

23-11-1935: O representante do Concello na Coruña, Javier Rial, envía as contas que tramitou en Facenda. Os ingresos foron 13.035 pta. e os gastos, entre o 10% de participacións, cotas de Firmes Especiais e Mancomunidade Sanitaria, ascenderon a 3.755, polo que quedan líquidas 2.760 pta, xa que 6.518 pta dos ingresos, de CROS, serían para o ano seguinte.

1-2-1936: Concédeselle licencia a CROS para ampliar un dos edificios da fábrica.[51]

**A feira de Peiro**

Adquírese arborado para o campo da feira de Peiro, acordándose facer a explanación e propaganda desta. Celebraríase o segundo domingo e o día 28 de cada mes. Estaba previsto inaugurala o día 28 de marzo deste ano de 1932 (sesión do 25-2-1932). Vaise desaloxar a uns veciños que aínda non deixaran libres unhas leiras para o campo da feira de Peiro (sesión do 17-3-1932). Por último, na sesión do 28-4-1932 destínanse 572 pta. para os gastos da preparación do campo da feira de Peiro.

Relacionado cos equipamentos para esta feira, en sesión do 24-3-1932 contrátanse os planos e orzamentos da fonte de Peiro. O 9-7-1932 apróbase o prego de condicións da fonte, lavadoiro e traída de augas no campo da feira de Peiro; o 28-1-1933 xa hai planos e proxectos; o 14-6-1934 hai intención de realizar obras na fonte de Peiro, que se contrata (31-8-1935).[52] E o 14-12-1935 págaselle ao contratista da fonte de Peiro a metade do estipulado, 772 pta. Xa están as obras acabadas.

**Transportes:**

25-6-1932: Vaise solicitar ao gobernador civil, presidente da Deputación e enxeñeiro de Obras Públicas que non suspendan os servizos de autobús de Manuel García Debén, entre A Coruña e Rutis, tan necesarios para os obreiros. Fora denunciado pola Compañía de Tranvías, xa que esta empresa prestaba os seus servizos pola zona de Fonteculler.[53]

28-7-1934: A proposta do concelleiro Prego, apóiase unha iniciativa da «Unión de Propietarios de Automóviles de Servicios Públicos Libres», debido a que, polos problemas orográficos e variadas paisaxes de Galicia, e non haber ferrocarrís, para mellor comunicarse as vilas e as persoas, e facilitar a explotación da riqueza agropecuaria e pesqueira, tiñan que desaparecer as trabas ao libre tráfico rodado por estrada, facendo unha lexislación especial para Galicia. Pídese tamén que se conceda para A Coruña unha zona ou radio de 25 km. de libre circulación.

14-12-1935: O Concello dirixirase aos poderes públicos para que non sexa suspendido o percorrido que fai o servizo de automóbiles entre Coruña e Cerceda, por Culleredo, propiedade de María Seijas Garrido e Benito Veira Vázquez, «que tan excelente servicios presta especialmente para la clase agricultora de esta comarca».

**Fontes e lavadoiros:**

25-2-1932: Fanse algúns pequenos arranxos na fonte de Ledoño.

17-2-1932: Quérese arranxar a fonte de Almeiras.

17-2-1932: Quérese facer un lavadoiro en Vilaboa, e arranxar a fonte da Balsa (Rutis).

24-3-1932: Contrátanse os planos e orzamentos da fonte da Balsa e o lavadoiro de Vilaboa.

7-4-1932: A Deputación Provincial concede 7.875 pta. de subvención para a fonte, lavadoiro e traída de augas do Portádego. 16-6-1932: Adxudícanse definitivamente as obras da fonte, etc. do Portádego. En 1933 a Deputación concederá 11.589 pta. A Corporación felicita ao alcalde, Electo Carballo, pola xestión, e tamén dánselle as gracias á Deputación.

28-4-1932: Concédense 500 pta para a fonte e lavadoiro de Alvedro.

9-7-1932: Concédense 124 pta. para a construción da fonte de Barallobre (Castro-Rutis), solicitadas polo concelleiro Manuel Candamio.

14-1-1933: Concédense 200 pta para o arranxo da fonte de Fontemaior (e en sesión de 25-2-1933 outras 100 pta máis) e vanse pagar as obras do arranxo da fonte de Sastre (Orro), comezadas algún tempo atrás.

28-1-1933: Xa hai planos e proxecto para a fonte e traídas de auga de Vilaboa. Quérese facer un lavadoiro no Burgo.

14-6-1934: Hai intención de realizar obras na fonte de Ledoño.

14-6-1934: Hai intención de construír un Pozo na Corveira. 8-9-1934: A Corporación destina 1.500 pta para o pozo da Corveira. 3-8-1935: Contrátase a construción do pozo da Corveira. 23-11-1935: Está acabado o pozo e fregadeiro da Corveira



*Fig. 4.- Agardando a Alcalá Zamora en agosto de 1934.*

4-5-1935: Gástanse 320 pta nos arranxos da fonte de Ledoño.

23-11-1935: Pensábanse incluír no orzamento de 1936 o arranxo do lavadoiro e fonte de Paciveira (Celas), a fonte de Entre Leiras, en Vinseira Grande, construír unha fonte con cano en Morteiral (Peiro de Riba) e construír un pozo público na Hermida (Culleredo).

4-1-1936: Destínanse 1.000 pta para facer o lavadoiro no Burgo. Gástanse 50 pta no arranxo da fonte de Morteiral (Celas)

1-2-1936: Acéptanse uns terreos doados por un particular para facer unha fonte na Hermida (Culleredo).

**Camiños municipais:**

17-3-1932: Quérense arranxar varios camiños en Almeiras e Vilaboa.

24-3-1932: Destínanse 500 pta para arranxo de camiños en Sésamo.

19-10-1935: A petición do concelleiro Prego, concédense 100 pta para o arranxo que se fixera, por parte dos veciños, do camiño de Culleredo a Liñares.

23-11-1935: Concédense 80 pta de axuda aos obreiros que repararon o camiño do Río da Cova (Vilaboa). Vaise solicitar unha subvención para arranxar o camiño de Castro a Vilaboa.[54] Pensábase incluír no orzamento ordinario de 1936 o arranxo destas vías municipais: camiño de Paciveira, camiño que pasaba pola praza de Galán e García Hernández, en Celas e ataxea para sanear a saída de augas fecais a un camiño no Souto (Rutis).

1-2-1936: Vaise amañar un camiño en Ledoño e axudar aos veciños de Castro no arranxo e ampliación do camiño de Castro a Vilaboa, intransitable no inverno. A finais de mes gastaranse 150 pta en mercar un anaco de terreo para a ampliación deste camiño.

21-3-1936: Gástanse 651 pta en ferramentas para o arranxo do camiño de Vilaboa a Castro, que se facía por prestación persoal, traballando nel os obreiros do lugar moitos días, sobre todo os festivos. O Concello pagáballes a merenda. Xa estaba bastante avanzado. Unha vella aspiración municipal era tamén que se construíse un camiño que, partido de Fonte Culler, seguise cara a Vila de Rutis e de aquí, por Castro e Laxe, cara Uxes. Sería un camiño-eixo vertebrador.[55] Na correspondencia conservada por Electo Carballo varias cartas fan alusión a esta aspiración.[56]

**Alumeado público:**

3-3-1932: Asínase con Fábricas Coruñesas de Gas y Electricidad o contrato de abastecemento de electricidade ao alumeado público de Rutis e Burgo.

19-10-1935: Váiselle pedir á empresa que instale alumeado público en Celas.

4-1-1936: Vanse instalar 27 lámpadas máis de alumeado público en Culleredo, Almeiras, Burgo e Rutis. Os concelleiros Candamio e Ferreiro piden tres máis para Almeiras e unha para a Corveira, e Prego unha ducia máis para Castro e Laxe, que chegarían a poñerse.

1-2-1936: A Corporación aproba o proxecto das 43 novas luces. Mándaselle a FCGE que repoña as luces fundidas no Burgo. Constátase que tiña o mantemento bastante abandonado.

20-2-1936: Pídeselle á empresa que instale 3 lámpadas en Ombre (Almeiras), e que cambie a que está nas Catas (Alvedro) para os Catro Camiños, no Burgo.

29-2-1936: A petición de residentes na parroquia de Culleredo, vaise colocar unha luz no Curro, dúas na Hermida e outra no Souto de Liñares. Tamén íase instalar unha luz no Souto (Rutis).

**O traslado da Casa Consistorial a Vilaboa:**

A Corporación resolve por unanimidade, nunha sesión supletoria celebrada o 19-8-1933, á que asisten só tres concelleiros, confirmar os acordos da Comisión Permanente do 21-1-1926 e do Pleno do 28-4-1926 referentes a trasladar a Casa consistorial de Culleredo, o Xulgado e a capitalidade á Vila de Rutis, aínda que, polo momento, non se lle cambiaría o nome ao municipio. Acórdase facer o traslado provisional á casa de José Castelo Gómez, que xa se alugara. Dado que os funcionarios residían case todos en Culleredo, e terían que desprazarse agora a maior distancia, establécese que o horario de oficina será de 8 a 13 h. e, no orzamento de 1934, íaselles asignar un pequeno aumento de salario.

En sesión do 9-9-1933 acórdase abrir concurso para o edificio definitivo da Casa do Concello. Tería que ser no centro de Rutis, estar un metro por riba da estrada, para que non entrase a auga, ter capacidade para as dependencias municipais, Xulgado e prisión preventiva (se non puidese ser nun edificio anexo), casa habitación para o xuíz e a súa familia e auga potable no interior. O Xulgado e os calabozos permanecerían en Culleredo. Nesta sesión, Lastres, Martínez Baldomir, Martínez Iglesias e Manuel Carballo, que non puideran asistir ao pleno do traslado do Concello, manifestan que apoian esta decisión e que se inclúa o seu voto favorable. A finais dese mes, na sesión do 30-9-1933, acórdase alugar a casa de Pilar Maureso para se da Casa Consistorial, por unha cantidade de 1.600 pta anuais. E uns meses despois, o 5-5-1934, decídese aumentaselle os soldo a algúns funcionarios, xa que tiñan que desprazarse dende Culleredo, onde residían. Créase unha praza de oficial de terceira, que ocupa interinamente Rogelio Veira, meritorio que xa levaba 7 anos traballando.

**Relacións co clero:**

3-3-1932: Por disposición oficial, os cregos teranse que abster de saír en enterros, procesións e viáticos á vía pública.

24-3-1932: Ordénase que os cregos, se o defunto o solicitou antes do pasamento, só poderán rezar sobre a tumba despois de ser sepultado o cadáver, sen poder interromper o acto. Tampouco as campás poderán tocar a morto en ningún caso.[57]

28-4-1932: O tenente de alcalde Felipe Mínguez denuncia que o día 26 de abril o crego de Ledoño detivo un cadáver diante da igrexa, púxoo nunha mesa, sacou a cruz parroquial e praticou o rito relixioso con todo detalle. Pide un severo correctivo.

**Relación coas asociacións:**

19-10-1935: A directiva do Ateneo de Rutis pide autorización para celebrar unha verbena ao aire libre nos xardíns da finca de Pilar Millan-Astray, o día 20. Como era para un fin cultural, o Concello perdóalle as taxas.[58] Funcionaban no municipio nestes anos varios salóns de baile, en Culleredo, Ledoño e Rutis, e un cine, o «Goya», no Portádego, propiedade de Juan Viñuelas Seoane, ex recadador municipal.

## ELECTO CARBALLO E O ESTAUTO DE AUNOMOMÍA

A figura de Electo Carballo aparece en diversas ocasións relacionada co proceso do Estatuto de Autonomía. En outubro de 1931 asiste na Coruña á asamblea dos parlamentarios galegos da Federación Republicana Gallega (FRG) para aprobar un proxecto de Estatuto. En dúas fotografías do evento encontrámolo xunto a figuras como Castelao, Otero Pedrayo, Antón Vilar Ponte….

No mes de decembro de 1932 estaba prevista a celebración, en Santiago, da Asemblea de Concellos Pro-Estatuto. Xa en acta municipal do 24-9-1932 Electo informa aos concelleiros que ten previsto asistir á citada xuntanza. E noutra acta de 3-11-1932 dase conta de que o Concello de Santiago convidara ao de Culleredo á Asemblea. A Corporación adheriuse á proposta, «con el objeto de obtener un día la Autonomía regional», acordando que asistirían Electo Carballo, Felipe Mínguez, Manuel Carballo, García Eirís e Prego Gómez.

Antes da celebración da Asemblea, o Concello da Coruña celebrou un pleno o día 30 de novembro, no que tomou a decisión de que o recoñecemento pleno da Coruña como capital de Galicia tiña que ser previo a toda deliberación sobre os contidos do Estatuto. (Temos que ter en conta que este mesmo ano 1932, e durante boa parte de 1933, hai na Coruña unha importante campaña, impulsada pola «Agrupación A la Tercera República», que reclama a capitalidade de Galicia para a Coruña e que mesmo chegará a posicionarse contra o Estatuto porque neste non quedaba claro cal sería a se).[59]

Culleredo estaba de acordo con esta proposta: nunha carta datada na Coruña o 12-12-1932 o alcalde da Coruña, Manuel Iglesias Corral, acusa recibo da que lle enviara Electo do día 3 de decembro e agradece o apoio de Culleredo de «mantener íntegros los fueros de la capitalidad coruñesa».

Analizamos a continuación cal foi a actuación, polémica, de Carballo na Asemblea de Concellos, que se desenvolveu en Santiago entre os días 17 a 19 de decembro de 1932.

Como alcalde de Culleredo, forma parte da mesa da Sección 3ª, cuxa composición prevista era a seguinte: Presidente, Lorenzo; vocais: García Vidal, Blanco de Marín, Poza, Díaz Rozas e el.[60]

Pola acta das deliberacións da Sección terceira («Atribuciones de la Región»), sabemos que se celebrou unha na Aula nº 4 da Facultade de Medicina, o día 17 de decembro, comezando a xuntanza ás 20.20 h e rematando ás 23.50 h. Estivo presidida por Celestino Poza, sendo vocais Manuel Díaz Rozas, Electo Carballo e José García Vidal. A ponencia estaba representada por Avelino López Otero e os secretarios técnicos foron Lino Torre Silva, Sebastián González García e Modesto Blanco López.[61]

Ocupámonos agora das intervencións de Electo Carballo nas sesións plenarias:

**Sesión matinal do sábado 17-12-1932:**
El Sr. CARBALLO, se suma a lo dicho por el Sr. Pita Romero y pronuncia asimismo algunas frases que producen protestas. [Era polos temas legais e constitucionais. O proxecto que se aprobase nesta asamblea tería que ir logo aos Concellos para que estes o aprobasen definitivamente, non valía que os representantes o aprobasen agora. O artigo 15 do Regulamento (deste anteproxecto) ía en contra do artigo 12 da Constitución]. [62]

**Sesión da tarde do sábado 17-12-1932:**
El Sr. ELECTO CARBALLO, intenta hablar, impidiéndoselo las constantes protestas. Dice: Como afiliado a un partido político, que en su programa…
El Sr. INSUA: El Sr. Carballo es un afiliado del Partido Republicano Gallego y como éste ya ha emitido su opinión, desautoriza al señor para hacerlo. [63]

**Sesión da tarde do domingo 18-12-1932:**
El Sr. CARBALLO: Pide la palabra. (Fuertes rumores que corta la Ponencia). [64]
[…]
El Sr. CARBALLO: No podemos continuar aquí. Estamos coaccionados.
El PRESIDENTE: La Mesa no está coaccionada y mientras tanto no hay necesidad…



*Fig. 5.- Sinatura de Electo Carballo.*

**Sesión matinal do luns 19-12-1932:**
El Sr. CARBALLO: Pido la palabra. (Gran escándalo).
El PRESIDENTE: El Sr. CARBALLO, tiene dos minutos la palabra. (Risas).
El Sr. CARBALLO: Voy a ser brevísimo. No voy a agotar los dos minutos que me concedió la Presidencia. Lo demuestro con el sombrero en la mano y el abrigo puesto. (Risas).
Este asunto lo considero decisivo y hay que mirarlo bajo un punto de vista doctrinal. Es necesario aprobar la enmienda de los partidos políticos si no queréis ponerle a la autonomía de Galicia el siguiente epitafio: Aquí falleció el Estatuto.
[Acto seguido sométese a aprobase a enmenda dos partidos políticos]. [65]

**Sesión matinal do luns 19-12-1932 en fase deliberante:**
[Están para votar o artigo 36. O presidente vaille dar a palabra a Manuel Lezón, e moitas voces din: non. Non, non…]
El Sr. CARBALLO: Me retiro por creer que eso es una coacción (Gran escándalo).
[….]
(El Sr. Carballo desde la puerta promueve un incidente que corta inmediatamente la Presidencia).[66]

Respecto do resultado da votación dos municipios (Sesión 19-12-1932), Culleredo reservouse o seu voto por quince días. Os Concellos con reserva por 15 días dicían que se deixaban transcorrer ese tempo sen que os seus Concellos manifesten nada en contra, computaríanse como afirmativos]. Culleredo, a través dun oficio remitido polo alcalde, Electo Carballo, á Secretaría do Estatuto, participóulle que a Corporación municipal aprobara por unanimidade o Estatuto.[67] (De feito, pouco antes da celebración da Asemblea, dun documento sen data no que aparece unha relación das posición dos Concellos, o de Culleredo «se adhiere con todo entusiasmo al proyecto»[68], e en documento de 20-6-1936, o secretario xeral do Comité Central de Autonomía de Galicia di que, logo de celebrada a citada asamblea de decembro de 1932, os concellos tomaron acordos e os enviaron á citada secretaría. Culleredo aparece na relación dos que votaron SI[69]).

Como xa comentamos, o xornal vigués *El Pueblo Gallego* dedicou diversas pílulas satíricas a Electo Carballo, na súa sección «Rotonda», ironizando sobre as súas polémicas e protestadas intervencións nas sesións da Asemblea de Concellos.

Recollemos a continuación ás que puidemos anotar.

**¡NO TIENE ENMIENDA!**

El Sr. Fernández Tafall iba leyendo:

Al artículo 3 hay una sola enmienda. Al 14 se han presentado diez enmiendas. El 17 no tiene enmienda…

Un asambleísta al quite:

No tiene enmienda ni el 17, ni el alcalde de Culleredo. [70]

**FALTÓ UNO…**

Un una fiesta de pontevedrismo cordial fueron agasajados los Sres. Osorio Tafall y Bóveda, como miembros preeminentes de la Asamblea estatutista de Santiago.

Protestamos del banquete por absolutamente injusto. Si de lo que se trataba allí era de exaltar las figuras del acontecimiento gallego, no sabemos de nadie que mereciera mejor el homenaje que nuestro gran amigo el alcalde de Culleredo, indudablemente la figura más destacada del concilio de galleguidad compostelana.

La omisión nos duele –como el mismo omitido diría- «en lo más íntimo de la raíz de nuestra injusticia ecuménica». [71]

**AUN EL MISMO**

El Ayuntamiento de Culleredo tiene parte de él que linda con el de La Coruña. Precisamente esa parte se caracteriza por no serle grata la persona del alcalde.

Un buen día, el alcalde marcha a La Coruña, se entrevista con D. Manuel Iglesias Corral, alcalde de la ciudad, y le propone la anexión de parte de su ayuntamiento.

Naturalmente, la parte que el avispado alcalde proponía anexionar, era aquella en que tenía sus enemigos.

A estas alturas se ignora todavía lo que contestó el señor Iglesias Corral. [72]

**[…]**

Está visto que el alcalde de Culleredo está predestinado a surgir inopinada y constantemente en nuestra «Rotonda», como en cualquier Asamblea de Ayuntamientos que se celebre. En la del Estatuto, donde el célebre monterilla levantó con sus voces montañas de escándalo, tuvo nuestro héroe un rasgo que en ningún modo puede quedar inédito:

Cuando el Sr. Iglesias Corral iba a hacer uso de la palabra para defender la pretensión del Ayuntamiento de La Coruña, Electo Carballo se acercó a él para decirle obsequiosamente:

-¿Qué le parece si, antes de que usted hable, pronuncio yo unas palabras para preparar el ambiente?[73]

**POR ÚLTIMA VEZ**

Los diputados radicales han presentado cien enmiendas a un proyecto de carretera alicantino. Cada una consiste en aumentar un centímetro el ancho que debería tener . Cien discursos, uno tras otro, alineados como los centímetros, defenderán en el hemiciclo, con seriedad imperturbable, la conveniencia de que los alicantinos paseen al sol zagalón de invierno en un espacio de tres setenta y cinco, o por entre otro de tres setenta y seis… Alicante, mientras no se resuelva la duda terrible, vive unha hora histórica.

Pero la obstrucción radical, empero, no resulta lo bastante pintoresca, a juicio de obstructores y obstruídos.

Nosotros poseemos la mejor solución: Que el Partido Radical presente, para la primera vacante de diputado, a nuestro imponderable parlamentario el alcalde de Culleredo. [74]

Cremos, sen embargo, que era certa, e non humorística, outra noticia do xornal vigués que informa que estaba pasando uns días en Santiago o alcalde de Culleredo, Héctor [sic] Carballo, «el cual aprovechará la estancia en Compostela para realizar diversos trabajos en una de las secciones del Seminario de Estudios Gallegos».[75]

Un mes e medio despois de finalizada a Asemblea de Concellos, Electo Carballo publicará un artigo no que reflexiona sobre a mesma e se posiciona sobre a súa actitude ante o Estatuto de Autonomía:[76]

CON MOTIVO DEL ESTATUTO

Al contemplar el espectáculo apasionante de la Asamblea de Santiago, en donde, por veces, la calma propia del asunto que se trataba fue sustituída por la tempestad de sentimientos extraños, la duda sobre el porvenir de Galicia, asaltó mi espíritu regionalista, y tuve que hacer en el recogimiento del hogar mío y en el seno de la familia, un examen verdadero de conciencia para pronunciarme sobre la autonomía de Galicia.

Yo no ignoro que sobre mis espaldas pesa la tradición común a todo buen gallego, a todos aquellos que como yo, sienten en las venas sangre pura de puro hombre de Galicia.

Obedeciendo a los impulsos propios, yo me siento partidario de la autonomía, como los demás, como los mejores.

Pero la vida no se hace solo con el sentimiento o con la tradición. Hay que mirar el presente y el porvenir. Lo presente y el porvenir de la Región, nuestro porvenir, el porvenir de nuestros hijos. En este momento histórico hay por consiguiente que dejar hablar, no solo el corazón sinó el cerebro.

Analizando la raíz de mis conocimientos, de mi inteligencia y del propio instinto, siento que tengo de la autonomía, un concepto distinto de algunos otros de mis conciudadanos.

En el presente yo constato el atraso de Galicia, frente a otras regiones del mundo civilizado. Región fértil, sin duda, de gran densidad de población, pero de escasas carreteras, de rudimentaria industria y de insignificante cultura en los pueblos rurales.

Veo también que esta región hace parte de un todo, «España», hoy día República, liberal y democrática, y considero que los impulsos aunados del poder central permiten una evolución segura, aunque lenta, en el desarrollo espiritual y material de nuestra región.

Por conveniencia de los pueblos, es cierto que mejor quedan en la región los servicios particulares de ella, y hoy a cargo del Estado español, cierto como es que la morosidad en la resolución de los problemas fundamentales que respectan a la misma, por veces, nos hace descreer de la Justicia y eficiencia del mismo poder central. Pienso, por tanto, que la autonomía debe traer a la Región una vida más intensa, aunque más cara. Pienso también que a través de ella, Galicia puede evolucionar en el orden espiritual y material.

Pero aquí empieza mi divergencia con otros partidarios de la Autonomía [….]ren todos que de nada sirven las buenas leyes en manos de malos servidores.

Tengo el conocimiento histórico y he notado, que la bandera de la libertad y de la democracia, fue sostenida desde siglos en esta Región por la Ciudad de La Coruña. Verifico que esta Ciudad, por sus propias condiciones y su propio esfuerzo, se tiene desarrollado como ninguna otra. Pues bien, con tristeza constato que, a pesar de todas estas realidades indiscutibles, unos tantos señores vienen pretendiendo revivir viejas rivalidades del tiempo de Carlos III, demostrando así cuanto poder tiene aún hoy el sentimiento reaccionario en esta Región. Mal síntoma, éste, en realidad.

Así se justifican mis temores y recelos de que la autonomía haga evolucionar regresivamente la vida de la Región.

El momento actual, hay que decirlo francamente, es grave.

Estamos en una encrucijada de la Historia. ¿Nuevo Renacimiento o nueva Edad Media? ¿La Coruña o Santiago?

Don Manuel Iglesias Corral ha pretendido cerrar el paso a esta discusión proponiendo que «no había lugar a deliberar». La Asamblea, aceptando otra enmienda presentada al artículo del Estatuto aplazó la resolución del problema y para mi conciencia se presentó ésta cuestión: ¿Es que yo debo ser mero espectador o un colaborador inconsciente de una mala resolución de un problema tan capital para el porvenir de Galicia? ¿O al contrario intervenir en ello decisiva y abiertamente? Por temperamento y por la importancia que acostumbro a dar a las cosas que en realidad las tienen, opté por la segunda posición.
No voy a amontonar argumentos en favor de la capitalidad en La Coruña, tan ridículo me parece hacer comparaciones entre ésta y Santiago. Nadie que tenga el sentimiento de las realidades y un poco de sentido común las puede hacer. Pero hay dos argumentos que desde luego quiero destruír: Son los que se refieren a la Universidad y a la Catedral.
¿Tiene Santiago una Universidad? Por Dios, todas las Universidades son centros artificiales de cultura. Son móviles o movibles y de por sí insuficientes para la vida. ¡Que ridículo sería si Cambrigde u Oxford los más grandes centros de cultura inglesa disputasen la capitalidad a Londres, por ejemplo! ¿Tiene Santiago una Catedral? Oh, eso es lo malo, para nuestra desgracia. Un pueblo que quiere progresar, no puede quedarse en la contemplación estática de lo pasado. En frente de la [.....] las dichas políticas de los últimos tiempos las subsistencias de un pueblo frente a la reacción, conducido como si fuera un rebaño dócil y paciente; yo temo, con algún fundamento que Galicia entregada a su propio destino y su propio esfuerzo, evolucione, si, pero regresivamente. Y no tengo que atenerme al imperativo categórico del Código fundamental de la República, pues que, demasiado sa- [...] nada mas, o, poco más.
La autonomía tiene también otro aspecto no menos importante: Las ventajas o inconvenientes de orden material que pueda aportar.
En los horizontes de la vida de los pueblos hay que hacer vislumbrar una realidad de progreso y de utilidad. La autonomía facilitando el dinamismo regional presupone beneficios materiales para los pueblos. Termina las caminadas inútiles a Madrid, las demandas insatisfechas de carretera, ferrocarriles etc., tan necesarios al desarrollo económico de nuestra Región. Las Leyes tendrán una aplicación más justa y regular. Todos debemos beneficiar por itual. A este respecto no todos piensan por igual.
Unos pretenden en nombre de un falso carrerismo, y, de un condenado egoísmo, quitar con mano rapaz la parte del león de la autonomía. Para estos la autonomía es, la cornucopia de sus intereses particulares o los de su aldea; otros, y yo me cuento entre ellos o en su número, sostienen el principio más humano y más justo de que al autonomía no puede tener para nadie ni para nada el más pequeño perjuicio.
Mantengo pues, mis declaraciones públicas de que no se puede ni debe dislocar el eje natural de la vida de la Región que tan gallardamente lleva la Ciudad de La Coruña.
A la luz de este criterio y de las realidades, yo, aunque acompañan[do con] espíritu de solidaridad el movimiento pro autonomía, declaro que no soy un incondicional de ella y hago reserva de mi actitud en el porvenir.
El Alcalde de Culleredo
Electo Carballo

O Concello de Culleredo, como xa vimos, aprobou o proxecto de Estatuto. E nunha sesión do Comité Central de Autonomía, celebrada no pazo municipal de Santiago o 11-6-1933, un pleno para deliberar acerca do decreto de 27 de maio, que autorizaba a convocatoria do plebiscito a fin de votar o Estatuto Galego, ao que asistiron diversas representacións municipais, de Deputacións e partidos políticos: «Se leyó una sincera y efusiva carta del alcalde de Culleredo don Electo Carballo, en la cual expresa su fervor autonomista y hace atinadas sugerencias».[77] Mesmo nunha noticia humorística publicada por *La Draga*,

dicíase: «Sabemos de buena tinta que dentro de pocos días se celebrará en uno de nuestros coliseos un gran acto de controversia acerca del Estatuto, en el que tomarán parte en contra Miss Capitalidad [César Alvajar Diéguez] y a favor Electo Carballo». O acto «será de pago».[78]



*Fig. 7.- Derradeira foto de Electo Carballo pouco antes da súa morte.*

## A VISITA DO PRESIDENTE NICETO ALCALÁ-ZAMORA

En Culleredo xa había constancia da visita o 28 de xullo de 1934, acordando nunha sesión extraordinaria celebrada este día consignar a cantidade de 500 pesetas para os actos que se pensaba organizar e outras 200 pesetas para a compra de obras de consulta e lexislación promulgadas dende o advenimento da República, e das que se carecía.[79]

Xa antes falamos do incidente que, con motivo desta viaxe, sostiveron Electo Carballo e Santiago Casares Quiroga, polo que non volveremos agora sobre ese asunto.

O 7 de agosto saía de Segovia con dirección a Galicia, nun tren especial, o Presidente. Acompañábano os ministros de Agricultura, Instrución Pública e Traballo.

Antes de chegar á Coruña, Alcalá-Zamora detívose na Vila de Rutis, onde estaba nesas datas instalada a casa consistorial. A acta na cal se recolle todo o referente a esta visita (sesión supletoria da Corporación do día 8-9-1934) é moi interesante, xa que o alcalde manifiesta que a información que vai subministrar quere «que conste en acta para el historial de este municipio, que en la tarde del diez de Agosto último había sido honrado este pueblo con la visita de S. E. el Honorable Sr. Presidente de la República a su paso para La Coruña». A veciñanza de Culleredo fora convocada previamente, o mesmo que diversas personalidades locais, concelleiros, mestres e mestras nacionais, co seu alumnado, asistindo uns 600 nenos e nenas. Á entrada da vila colocárase un arco de triunfo, engalanándose tamén a casa consistorial. A chegada de Alcalá-Zamora estaba prevista para as cinco da tarde. Unha banda de música recorreu as rúas dende dúas horas antes, disparándose bombas de palenque e foguetes.

Pouco despois das cinco chegou a comitiva presidencial, composta por uns cincuenta veículos. Ao chegar á casa consistorial, o coche presidencial detívose, baixándose o Presidente, sendo saudado polo alcalde, Electo Carballo, concelleiros de Culleredo e o secretario municipal. Pasou ao interior do edificio, sendo obsequiado, el e os seus acompañantes, con pastas, champagne e licores. Durante a celebración deste acto achegáronse ao Presidente dúas mozas da localidade, Mercedes Rocha e Julia Martínez, que, en nome da xuventude de Culleredo, entregaron ao Presidente un ramo de flores, ao

tempo que pedían piedade para un obreiro da localidade, Ernesto Santiso (membro da C.N.T.) que estaba preso a raíz dos sucesos revolucionarios que se desenvolverán en parte de Galicia, e con grande crudeza na comarca coruñesa, en decembro de 1933.Alcalá-Zamora transmitiu a súplica aos ministros que o acompañaban. Seguidamente, en nome da escola de nenas de Vilaboa entregou outro ramo de flores ao Presidente Soledad Ruiz Zas, logo de saudalo, respondendo o Presidente con efusivos aloumiños á nena. Durante o acto cruzáronse «cordiales y vibrantes frases rebosantes de patriotismo y risueñas esperanzas para el porvenir de nuestra joven República».

Alcalá-Zamora, lonxe de todo formalismo, e sen escoltas, confraternizara coa veciñanza cullerdense.

Rematado o acto, e con contínuas exclamacións de apoio da cidadanía, agolpada a ambos lados da estrada, partiu a comitiva presidencial, á que se sumaron outros coches con personalidades locais e que o acompañaron ata a Ponte da Pasaxe, límite do município, onde foi recibida a comitiva pola Corporación Municipal da Coruña e moitísima xente. Posteriormente, de regreso á casa consistorial de Culleredo, foron obsequiadas as personalidades locais con cigarros, pastas e pasteis, o mesmo que os mestres e mestras, nenos e nenas e os seus pais, «conmemorándose así el fausto acontecimiento de la estancia y paso del Excmo Sr. Presidente de la República por la capitalidad de este término municipal».

O fotógrafo coruñés Cancelo sacou catro fotografías do acto, para agasallar aos concelleiros e personalidades presentes.

Días despois, recibiuse unha carta da Secretaría particular do Presidente dando conta de que transmitira ao Goberno o rogo do perdón para o preso Ernesto Santiso.[80]

Desta visita a Rutis tamén se fixo eco *El Ideal Gallego*, no seu número do 11 de agosto de 1934.

Sobre o incidente con Casares, non sabemos a razón concreta pero no pleno municipal do 8 de setembro de 1934 faise constar que, uns días antes da súa celebración, membros da Corporación –non se di cales- visitaron en Montrove, onde veraneaba, a Casares Quiroga. Tamén estivera estes días de visita na Casa consistorial o deputado Emilio González López coa súa familia, pasando o día en Vilaboa.

## RELACIÓNS CO MOVEMENTO OBREIRO

Tensas foron as relacións que Electo Carballo mantivo co movemento obreiro anarcosindicalista, especialmente co líder da Federación Comarcal de San Pedro de Nós, Emilio Novás, natural de Vilaboa e residente en San Pedro. Esta comarcal agrupaba sindicatos de Oleiros, Culleredo, Cambre e Carral. Deste asunto ocupámonos no pasado nun libro,[81] do cal extraemos agora algúns textos.

Emilio Novás, que asinaba algún artigos co pseudónimo de *Evasno*, dedica a Electo Carballo dous duros artigos, «Notas de Culleredo y Sada» e «Mi acerada espada y el lobo», que recollemos a continuación:

> Notas de Culleredo y Sada
> Cuando los Sindicatos campesinos de Culleredo solicitaban autorización para celebrar algún mitin, les era negado ese derecho por el alcalde Electo Carballo.
> Alegaba ese César en miniatura lo siguiente: «Donde hablen los de la C.N.T. no doy permiso». Así hablaba un hijo del pueblo elegido por equivocación alcalde de Culleredo.
> ¿Sabéis campesinos por qué se negaba? Porque los hombres de la C.N.T. cuando van a

hablar a un mitin, no hablan de política parlamentaria, y sí, hablan de los comadreos que los políticos tienen con la burguesía.
Pero a pesar de que en distintas ocasiones había negado la celebración de mítines y de asambleas, los trabajadores de la C.N.T. amparados por la verdad han hablado y hablan, por encima de todos los retrógrados miserables.
Es necesario que, especialmente los campesinos, sepan el por qué ese miserable «alcaldillo» se negaba a que los Sindicatos campesinos no continuaran su labor de extirpación caciquil. Para esto me propuse desenmascarar a todas las culebras que trepan por el «árbol» político con miras de medro personal; a esos que se rinden a los pies de los magnates... y se ponen cual perros, a las órdenes de cualquier empresa, igual que la hembra con su «Lulú» se bañan en el fango del lupanar.
El alcalde de Culleredo imitando al perro-policía bien amaestrado, se ha entregado en cuerpo y alma a la «Cross», con fines políticos y económicos; el propio Electo dijo: «Equis años solamente como gratificación, la «Cross» me dio dos mil leandras» (2.000 ptas.)
¡¡Campesinos de Culleredo!! La «Cross» tenía que pagar más de cinco mil pesetas al Ayuntamiento por el consumo, y no llega a pagar mil.
Los alcaldes que mangonean los ayuntamientos, ejercen mucha influencia sobre los que reparten el consumo, si este reparto no se hace por las comisiones de parroquia, se cometen estas injusticias como la que queda señalada.
¡No hay que olvidarlo! El señor Electo Carballo, sobornando a unos Concejales; a despojando a los vecinos del Burgo, de un camino vecinal que; desde que existe ese barrio existe ese camino que da acceso a la ría. ¡¡Canallas!! Se lo habéis quitado al pueblo, para ofrecérselo a la «Cross»; ¡así se justifican las gratificaciones! [82]Ya podéis empezar por devolver al pueblo lo que es del pueblo; sino ¡ah! Del día que exija cuentas.
No termina aquí la osadía de un hombre que sólo piensa enriquecerse a espaldas del Ayuntamiento.
Este verdadero prototipo del cacique moderno; se ha creído que ser alcalde de un ayuntamiento es lo suficiente para convertirse en profesional «mercantilista» y presidente absoluto de un municipio justifica esto, el haber trasladado el ayuntamiento para el extremo más apartado de las parroquias que lo componen; pese haber protestado los campesinos que con esto se les perjudica considerablemente. ¿Fue esto impulsado por alguna gratificación? ¡¡que más da!!
Y siguen los desaciertos... El ayuntamiento tenía que proveer de material escolar, a una escuela pública, cuyo material había de servir un vecino de Vilaboa, conocido por «Trocha». Pero, a pesar que «Trocha» ya lo tenía ajustado; le fue ofrecido el «negocio» a la Casa Cervigón y Hermanos, siendo estos los que sirvieron el material cobrando más pesetas.
¿De cuánto fue la gratificación señor «Electo»?
...............
EVASNO[83]

A publicación deste artigo supúxolle a Novás o ingreso na prisión da Coruña, dende onde volve á carga:

**Mi acerada espada y el lobo**
Desde mi «veraniega» estancia donde estoy por imperativo mandato de la inexorable ley, empuño mi «acerada espada» (la pluma) para introducirla en el mugriento cuerpo del «hambriento lobo», que baja al valle a degollar la infancia que surge cual modestas florecillas, allá en la fértil aldea, truncando así en flor, una etapa rebosante de esperanzas para los ...aldeanos, que ansían ser libres de toda tutela caciquil.

Me he propuesto (usando de un derecho que solo la muerte puede arrebatarme) descubrir, desenmascarar las lacras caciquiles que atormentan la tranquila campiña galiciana.
He ofrecido a los esquilmados campesinos luchar por su propia emancipación (sin pedirles a cambio ni una concejalía). Me he creído que la labor más eficaz (de momento) era: empuñar mi «acerada espada» y de un tajo desmantelar la melena del «lobo», y mostrar al pueblo, el cáncer devastador de la humanidad.
Siendo esto mi único deseo no temo que un *pobre diablo* me acuse por «calumnia» ya que ni siquiera jurídicamente se puede calificar de tal el interés sublime de purificar la cosa pública en beneficio de un pueblo que tiene sed de justicia.
Nadie, absolutamente nadie, se crea infalible. Y menos el hombre que «juega» con las «borlas del bastón de mando». Todos cuantos así procedan (a pesar de llamarse hombres públicos) forzosamente merecen el calificativo del lobo que antecede en estas modestas cuartillas; corriendo a la vez el riesgo de que el campesino cuando esté en plena siega, use sus herramientas para atacar la fiera, que con sus hediondas pezuñas pretende arrebatar las mieses del querido terruño, regado con lágrimas de mis hermanos labriegos.
¡Tú, alcalde farsante! «cavene cadas»...Te querellas contra «Evasno» por que él pretende que rindas cuentas al pueblo de tu «sacrosanta» obra.
Mas, «Evasno», no teme a tus débiles y raquíticas acusaciones.
Si la justicia prevalece, serás sentado en vez de él, en el banquillo de los vulgares y ... terminarán para siempre tus bajas ilusiones.
Te empeñaste en llevarle a los Tribunales de «justicia», pues bien, estoy seguro que el se sentará en el banquillo con la frente altiva, porque sabe, que en caso de ser condenado por la sala que le juzgue, no le condenarán como a un vulgar delincuente; y en cambio, el pueblo, de antemano le absuelve.
«Vos que justicia facedes»
si amáis la humanidad
que resplandezcan las verdades
con justicia y equidad.
EMILIO NOVÁS Coruña, Cárcel, 6-IX-1935[84]

Que a Electo Carballo non lle sentou nada ben o primeiro dos artigos corrobórao o segundo e tamén unha información de carácter xudicial:

VISTA DE UNA CAUSA POR INJURIAS AL ALCALDE DE CULLEREDO
La Coruña.- En la Audiencia se vió ayer una causa instruída contra Emilio Novás, como autor de un suelto injurioso recientemente publicado en el semanario «Solidaridad Obrera», contra el alcalde de Carballo [sic por Culleredo], don Electo Carballo.
Actuó el fiscal señor González Villamil y en la defensa el abogado señor Suárez Picallo.
El procesado fué condenado a dos meses y un día de arresto mayor.[85].

Emilio Novás non permanece calado e publica un novo artigo:

**¡Oprobio!**
Tengo, cada vez que quiera manifestar mi opinión, mi pensamiento, que consultar el diccionario para no caer en las mallas de la justicia histórica.
Como quiera que no soy un profesional periodista, que cobra, o mejor dicho, vende sus servicios como tal, al que mejor le paga; convirtiendo así las bellas realidades de la vida en feos y oprobiosos actos: chantaje, etc. etc.
El periodista servil de la burguesía jamás caerá en el horroroso atolladero de la calumnia; jamás se sentará en el banquillo de los acusados, para oír las acusaciones *infalibles* del fiscal.

